

# 28S: Día de acción global polo aborto legal, seguro e accesible



O 28 de setembro é o Día de acción global polo aborto legal, seguro e accesible. CCOO reivindica o aborto libre, seguro, gratuíto e na sanidade pública, en condicións de igualdade para todas as mulleres, sexa cal for o seu lugar de residencia e con toda a información e garantías para escolleren libremente.

CCOO lembramos que o aborto é un dereito, que ningunha suposta autoridade está lexitimada para porlle trabas ou violar a capacidade das mulleres para tomar decisións sobre os seus propios cor-

**Ante a ofensiva da ultradereita, CCOO somos e seremos belixerantes en defensa dos dereitos das mulleres**

pos ou tratar de controlar a súa capacidade reprodutiva. As restricións a este dereito tan só provocan riscos e mortes, tal e como denunciou a Organización Mundial da Saúde (OMS):

- Cada ano prodúcense 25 millóns de abortos inseguros no mundo.
- Ao redor de 39000 mulleres morren ao ano por esta causa e millóns de mulleres máis son hospitalizadas por complicacións.

É unha realidade insoportable ante a cal CCOO, como sindicato feminista, internacionalista e de clase, só podemos mostrar o noso máis firme rexeitamento.

Ante a ofensiva internacional da ultradereita e a dereita e tamén en España, onde teñen o poder en numerosas administracións, CCOO somos e seremos belixerantes para reivindicar os avances normativos, especialmente no que se refire ás garantías de acceso á prestación sanitaria, unha

## A valedora do pobo admite a trámite a denuncia de CCOO

O Sindicato Nacional de CCOO denunciou perante a valedora do pobo o concurso público da Xunta de Galicia para externalizar as interrupcións voluntarias do embarazo (IVE) naqueles casos en que —supostamente— o sistema público carecía de medios para as realizar.


A denuncia rexistrada por CCOO —xa admitida a trámite— pon énfase en que o prego de licitación recoñeza expresamente a «imposibilidade de que os servizos sanitarios públicos do Servizo Galego de Saúde poidan prestar a dita asistencia cos recursos humanos, materiais e de infraestrutura cos que conta na actualidade».

Esta aseveración é contraria ao establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que establece o «dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo, en todos os supos-

prestación que ha de ser de calidade e na sanidade pública.

### AVALADO POLO CONSTITUCIONAL

En 2023 asistimos a dúas importantes sentenzas do Tribunal Constitucional que consagran como «dereito fundamental» o que asiste as mulleres a interromper o embarazo, así como a súa autoterminación e liberdade de elección. Son a STC 44/2023, sobre a constitucionalidade da Lei do aborto do 2010, e a STC 52/2023, que condena a sanidade murciana por derivar a outra comunidade unha muller que quería abortar.



A denuncia de CCOO foi admitida a trámite pola valedora do pobo de Galicia

tos contemplados pola normativa vixente de aplicación». A mesma norma determina que os principios que conforman o sistema público de saúde son «a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión».

«Tras máis de 15 anos da entrada en vigor da lei», asevera CCOO, os sucesivos Gobernos galegos foron «incapaces de prestar un servizo público eficaz, efectivo e eficiente da interrupción voluntaria do embarazo ás mulleres galegas, para xustificar a súa privatización agora na falta de recursos humanos, materiais e de infraestruturas do Sergas».

## 28 DE SETEMBRO Aborto libre e garantido na sanidade pública

### MANIFESTACIÓN

– Vigo: ás 20:30 desde o edificio da Xunta á Porta do Sol

### CONCENTRACIÓNS

- Vigo: ás 20:30 desde o edificio da Xunta á Porta do Sol
- A Coruña: ás 20 h, no Hospital Materno
- Ferrol: ás 20:00 diante do Hospital Arquitecto Marcide
- Santiago: ás 19:30 no CHUS
- Ames: ás 19 h no centro médico de Bertamiráns
- Lugo: ás 20:00 no HULA
- Ourense: ás 20:00 no CHUO
- Pontevedra: ás 20:00 no Hospital Provincial
- O Porriño: ás 20:00 diante do centro médico